

## CONVOCATORIA E DATA DE ELECCIÓN Á COMISIÓN EXECUTIVA

1. Convócanse eleccións á Comisión Executiva do Sindicato de Empregados Públicos de Galicia (SEPGA) para o día 9 de xuño de 2022.
2. A votación terá como obxecto elixir, de entre as candidaturas que se presenten, as persoas que formarán a Comisión Executiva do SEPGA durante os vindeiros catro anos.
3. O prazo para a presentación de candidaturas é de 10 días naturais dende a data desta convocatoria. O prazo finaliza o día 23 de maio ás 24.00 h.
4. As candidaturas deberán consistir nunha lista cun mínimo de 5 persoas e un máximo de 10.
5. As candidaturas estarán integradas por calquera das persoas afiliadas ao SEPGA, sempre que cumpran os seguintes requisitos:
  - a) Estar en situación de servizo activo.
  - b) Non ocupar cargos públicos representativos, nin a condición de alto cargo nin cargos de dirección en partidos políticos ou sindicatos (salvo que tal condición se ostente por representar a unha Asociación).
  - c) Ter presentado en prazo a súa candidatura.
6. A candidatura poderá presentarse acompañada dun "*Programa de actuación*" para o mandato. Procurarase que as candidaturas teñan unha composición equilibrada entre ambos os dous sexos e sexan amplamente representativas, procurando incluír nestas persoal destinado tanto en servizos centrais como territoriais e persoal funcionario de menor e maior antigüidade.
7. No caso de que no prazo para a presentación de candidaturas só se presentara unha única lista de persoas proclamarase como electa sen necesidade de votación no día da Asemblea xeral ordinaria.
8. As eleccións rexeranse polo establecido nos estatutos do sindicato SEPGA, estas normas e a normativa aplicable aos sindicatos naquilo que non estivera previsto.

En Santiago de Compostela, 14 de maio de 2022

A Presidenta da Comisión Executiva

Gemma Soto Pérez